

CONSELLOS PARA ELABORAR UN BO CURRÍCULUM VITAE

- Emprega papel de boa calidade, de tamaño DIN-A4, por unha soa cara. Papel branco ou de cores suaves: azul, amarelo...
- Que sexa breve e claro, cunha extensión máxima de 2 folios.
- Escribo sempre a ordenador (a non ser que che pidan expresamente que entregues un currículum escrito a man). A impresión debe ser de calidade. Entrega sempre currículums orixinais, nunca fotocopias.
- O currículum non é a túa biografía. Os datos deben ir expostos ordenadamente, por apartados.
- O tipo de letra e o seu tamaño deben facilitar a lectura.
- Emprega as negriñas, cursivas ou suliñados para resaltar aqueles aspectos máis relevantes.
- Vocabulario sinxelo e comprensible, pero sen perder a formalidade que require o documento.
- Evita redactar o currículum en primeira ou terceira persoa: non digas *"realicei/realizou prácticas en..."* senon *"prácticas realizadas en..."*
- Palabras positivas e verbos de acción que amosen unha actitude activa e con iniciativa.
- Coidado coa ortografía. É aconsellable que repases o CV unha vez feito por se houberse algunha falta.

Moi importante...

- Hai que procurar manter o CV actualizado constantemente.
- Non se debe mentir, pero se poden omitir datos que poidan perxudicar ou restar mérito ao currículum. Inclúe aqueles datos que dean de ti unha imaxe positiva e axeitada ao perfil solicitado.

ERROS A EVITAR

- Asinar o currículum
- Empregar siglas, abreviaturas, os puntos suspensivos, poñer “etc”...
- Redactar todo o currículum en maiúsculas
- Falsear datos
- Aportar datos que “desvendan”, é dicir, que resten mérito ao currículum.
- Incluír apartados baleiros de contido. Por exemplo, engadir un apartado de Experiencia Profesional e indicar que non se ten ningunha experiencia ou que non se ten traballado nunca.